**SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA VINTE E CATRO DE MAIO DE DOUS MIL DEZANOVE**

No salón vermello da Casa do Concello desta cidade, a **vinte e catro de maio de dous mil dezanove**. Baixo a Presidencia do **excelentísimo señor alcalde don Xulio Xosé Ferreiro Baamonde,** e coa asistencia das e dos **tenentes de alcalde dona María García Gómez e don Alberto Lema Suárez, así como das señoras e señores concelleiros dona María Rocío Fraga Sáenz, don José Manuel Sande García, dona María Eugenia Vieito Blanco e don Daniel Díaz Grandío** reuniuse, previa convocatoria regulamentariamente circulada, a Xunta de Goberno Local, co obxecto de realizar sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Asisten, así mesmo, don Miguel Iglesias Martínez, oficial maior, desempeñando a función do Órgano de Apoio á concelleira secretaria e á Xunta de Goberno Local, así como don Ángel David Murado Codesal, interventor xeral, don Juan Carlos Martínez Muñiz, director da Área de Apoio á Alcaldía e dona María José Macías Mourelle, en representación da Asesoría Xurídica; en funcións de colaboración e asistencia.

***SESIÓN EXTRAORDINARIA DE LA JUNTA DE GOBIERNO LOCAL DE FECHA VEINTICUATRO DE MAYO DE DOS MIL DIECINUEVE***

*En el salón rojo de las Casas Consistoriales de esta ciudad, a* ***veinticuatro de mayo de dos mil diecinueve****. Bajo la Presidencia del* ***excelentísimo señor alcalde don Xulio Xosé Ferreiro Baamonde,*** *y con la asistencia de las y los* ***tenientes de alcalde doña María García Gómez e don Alberto Lema Suárez, así como de las señoras y señores concejales doña María Rocío Fraga Sáenz, don José Manuel Sande García, doña María Eugenia Vieito Blanco e don Daniel Díaz Grandío*** *se reunió, previa convocatoria reglamentariamente circulada, la Junta de Gobierno Local, al objeto de celebrar sesión extraordinaria en primera convocatoria.*

*Asisten, asimismo, don Miguel Iglesias Martínez, oficial mayor, desempeñando la función del Órgano de Apoyo a la concejala secretaria y a la Junta de Gobierno Local, así como don Ángel David Murado Codesal, interventor general, don Juan Carlos Martínez Muñiz, director del Área de Apoyo a la Alcaldía y doña María José Macías Mourelle, en representación de la Asesoría Jurídica, en funciones de colaboración y asistencia.*

Dá fe do acto a **concelleira-secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María Eugenia Vieito Blanco.**

*Da fe del acto la* ***concejala-secretaria de la Junta de Gobierno Local, doña María Eugenia Vieito Blanco.***

Desculpan a súa ausencia o tenente de alcalde don Xiao Varela Gómez, a tenente de alcalde dona Silvia Cameán Calvete e a señora concelleira dona Claudia Delso Carreira.

*Disculpan su ausencia el teniente de alcalde don Xiao Varela Gómez, la teniente de alcalde doña Silvia Cameán Calvete y la señora concejala doña Claudia Delso Carreira.*

Ás catorce horas e trinta e seis minutos a Presidencia declara iniciada a sesión e pasa a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

*Siendo las catorce horas y treinta y seis minutos la Presidencia declara abierta la sesión y pasa a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.*

## CORRESPONDENCIA E ASUNTOS DE TRÁMITE

## *CORRESPONDENCIA Y ASUNTOS DE TRÁMITE*

Neste punto non se efectúa ningunha comunicación ou informe.

*En este punto no se efectúa ninguna comunicación o informe.*

## CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO

## *CULTURA, DEPORTE Y CONOCIMIENTO*

### Deportes

### *Deportes*

**218.- Aprobación do proxecto básico e de execución para implantación de complexo deportivo en edificio dotacional en avenida Casanova de Eirís s/n – Castrillón.**

***218.- Aprobación del proyecto básico y de ejecución para implantación de complejo deportivo en edificio dotacional en avenida Casanova de Eirís s/n – Castrillón.***

Previa deliberación, **de conformidade co informe–proposta que consta no expediente e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, en canto serve de motivación ao mesmo,** de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común

*Previa deliberación,* ***de conformidad con el informe–propuesta que consta en el expediente y del que se dará traslado, en todo caso, junto con la certificación/notificación del presente acuerdo, en cuanto sirve de motivación al mismo,*** *de conformidad con el artículo 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común*

das administracións públicas, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

*de las administraciones públicas, por unanimidad, en votación ordinaria, se acuerda:*

Primeiro.- Aprobar, só para efectos técnicos e urbanísticos, o “Proxecto básico e de execución implantación de complexo deportivo (piscina, spa, ximnasio e pista) en edificio dotacional en avenida Casanova de Eirís s/n - Castrillón. A Coruña”, presentado ante o Concello por EMVSA o 22 de maio de 2019 e asinado polos arquitectos don Gustavo Díaz García e don Lucas Díaz Sierra (ambos colexiados respectivamente cos números 683 e 2.499 no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia) e cun orzamento base de licitación (IVE excluído) de 2.213.731,01 €.

*Primero.- Aprobar, a los solos efectos técnicos y urbanísticos, el “Proyecto básico y de ejecución implantación de complejo deportivo (piscina, spa, gimnasio y pista) en edificio dotacional en avenida Casanova de Eirís s/n - Castrillón. A Coruña”, presentado ante el Ayuntamiento por EMVSA el 22 de mayo de 2019 y firmado por los arquitectos don Gustavo Díaz García y don Lucas Díaz Sierra (ambos colegiados respectivamente con los números 683 y 2.499 en el Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia) y con un presupuesto base de licitación (IVA excluido) de 2.213.731,01 €.*

Esta aprobación non implica a autorización nin compromiso do gasto orzamentario previsto no orzamento prorrogado actual segundo o modificativo M1/2019 e o acordo de Xunta de Goberno Local do 24 de agosto de 2018, que requirirá a súa tramitación posterior.

*Esta aprobación no implica la autorización ni compromiso del gasto presupuestario previsto en el presupuesto prorrogado actual según el modificativo M1/2019 y el acuerdo de Junta de Gobierno Local de 24 de agosto de 2018, que requerirá su tramitación posterior.*

Segundo.- Condicionar a posta en funcionamento das instalacións resultantes da dita obra a que:

*Segundo.- Condicionar la puesta en funcionamiento de las instalaciones resultantes de dicha obra a que:*

1. Se cumpran con todos os parámetros legais esixibles para iso. A tales efectos a inspección municipal da devandita obra coordinará a intervención dos servizos municipais competentes para a comprobación dos diferentes aspectos do equipamento.

*1. Se cumplan con todos los parámetros legales exigibles para ello. A tales efectos la inspección municipal de dicha obra coordinará la intervención de los servicios municipales competentes para la comprobación de los diferentes aspectos del equipamiento.*

2. Se achegue o preceptivo plan de autoprotección que debe ser aprobado por esta Administración municipal

*2. Se presente el preceptivo plan de autoprotección que debe ser aprobado por esta Administración*

*municipal*

Terceiro.- Designar como inspector municipal á persoa que ocupe o posto da Xefatura do Servizo de Edificación, para desenvolver a supervisión da execución de tales obras.

*Tercero.- Designar como inspector municipal a la persona que ocupe el puesto de la Jefatura del Servicio de Edificación, para desarrollar la supervisión de la ejecución de tales obras.*

Cuarto.- Ordenar a notificación a EMVSA e á inspección municipal nomeada.

*Cuarto.- Ordenar la notificación a EMVSA y a la inspección municipal nombrada.*

Ao non haber máis asuntos que tratar, e ás catorce horas e trinta e oito minutos a Presidencia remata a sesión e redáctase a presente acta que asinan e autorizan a Alcaldía e a concelleira-secretaria da Xunta de Goberno Local; todo iso de acordo co disposto no artigo 126.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

*No habiendo más asuntos que tratar, y siendo las catorce horas y treinta y ocho minutos la Presidencia levanta la sesión, redactándose la presente acta que firman y autorizan la Alcaldía y la concejala-secretaria de la Junta de Gobierno Local; todo ello de conformidad con lo dispuesto en el artículo 126.4 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local.*